



Teaching Guide

Identifying Data				2016/17
Subject (*)	Socioloxía da educación	Code	652G02004	
Study programme	Grao en Educación Primaria			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	First	FB	6
Language	SpanishGalician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Socioloxía e Ciencia Política da Administración			
Coordinador	Andrade Suarez, María Jose	E-mail	maria.andrade@udc.es	
Lecturers	Andrade Suarez, Maria Jose Fernández Suárez, Mónica Belén Vazquez Fernandez, Xose Gabriel	E-mail	maria.andrade@udc.es belen.fernandez.suarez@udc.es gabriel.vazquez@udc.es	
Web				
General description	Este programa estrutúrase ao redor dos seguintes obxectivos xerais: a) Proporcionar unha visión elemental das principais correntes e teorías no campo da Socioloxía en xeral e, concretamente, da Socioloxía da Educación. b) Proporcionar o instrumental conceptual adecuado para comprender os distintos fenómenos sociais e, en concreto, a dimensión social da educación e da escola. c) Espertar o espírito crítico en relación coa educación e a escola na sociedade actual. d) Fomentar o enriquecemento da capacidade persoal de análise da realidade escolar, a través do estudo da súa natureza social			

Study programme competences

Code	Study programme competences
A2	Coñecer as características destes estudantes, así como as características dos seus contextos motivacionais e sociais.
A6	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.
A9	Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan.
A10	Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e lexislativos da actividade educativa.
A11	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula.
A13	Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.
A14	Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática.
A15	Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais.
A23	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalidade; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A24	Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.
A34	Fomentar a educación democrática da cidadanía e a práctica do pensamento social crítico.
A35	Valorar a relevancia das institucións públicas e privadas para a convivencia pacífica entre os pobos.
A40	Formular e resolver problemas vinculados coa vida cotiá.
A64	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A68	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B8	Capacidade para elaborar discursos coherentes e organizados lxicamente.
B9	Capacidade para expoñer as ideas elaboradas, de forma oral e na escrita.



B15	Capacidade para utilizar diversas fontes de información, seleccionar, analizar, sintetizar e extraer ideas importantes e xestionar a información.
B16	Capacidade crítica e creativa na análise, planificación e realización de tarefas, como froito dun pensamento flexible e diverxente.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
B19	Capacidade de adaptarse a novas situacións nunha sociedade cambiante e plural.
B21	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B22	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B23	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B24	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B25	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences		
	A2	B1	C4
Coñecer os principais debates teóricos e principais autores responsables de teorías sociolóxicas sobre a educación	A6	B3	C6
	A9	B8	C7
	A10	B9	C8
	A11	B15	
	A13	B16	
	A14	B18	
	A15	B19	
	A23	B21	
	A34	B22	
	A35	B23	
	A40	B24	
	A64	B25	
	A68		



Coñecer os principais as principais correntes e debates sociais entorno á educación no século XXI	A2	B1	C4
	A6	B3	C6
	A10	B8	C7
	A13	B9	C8
	A14	B15	
	A15	B16	
	A23	B18	
	A24	B19	
	A34	B21	
	A35	B22	
	A40	B23	
	A64	B24	
	A68	B25	
	Aplicar de forma inicial técnicas de investigación social para a recollida e análise da información	A2	B15
A6		B16	C7
A9			
A10			
A11			
A13			
A14			
A23			
A34			
A40			
A64			
A68			

Contents	
Topic	Sub-topic
TEMA 1. INTRODUCCIÓN: A SOCIOLOXÍA COMO CIENCIA	1.1. A socioloxía como ciencia social 1.2. Comprensión e definicións de Socioloxía: a perspectiva sociolóxica 1.3. As orixes da socioloxía: contexto histórico 1.4. Primeiros pensadores e principais paradigmas teóricos 1.5. Metodoloxía da investigación sociolóxica: principios básicos 1.5.1. Métodos de investigación en ciencias sociais 1.5.2. Técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social 1.5.3. Como se elabora un proxecto de investigación social
TEMA 2. A CIENCIA SOCIOLOXICA E A SÚA APLICACIÓN Á EDUCACIÓN	2.1. O estudo sociolóxico da educación: relacións entre sociedade, socioloxía e socioloxía da educación 2.2. Escolas e perspectivas da socioloxía da educación 2.2.1. As achegas dos clásicos 2.2.2. Teorías sociolóxicas contemporáneas



TEMA 3. CULTURA, SOCIALIZACIÓN E ESCOLA	<p>3.1. Individuo, cultura e sociedade</p> <p>3.1.1. Noción sociolóxica de cultura</p> <p>3.2. Cultura e educación</p> <p>3.3. Diversidade cultural e educación: a escola fronte á multiculturalidade</p> <p>3.2. O proceso de socialización</p> <p>3.2.1. Definición e concepto</p> <p>3.2.2. Os axentes ou contextos de socialización</p> <p>3.3. A socialización escolar</p> <p>3.4. Funcións sociais da escola</p>
TEMA 4. ESTRATIFICACION SOCIAL, MOBILIDADE SOCIAL E EDUCACIÓN	<p>4.1. Principais sistemas de estratificación social</p> <p>4.2. Principais teorías sociolóxicas sobre a estratificación</p> <p>4.3. Mobilidade social e educación</p> <p>4.5. Desigualdades de clase, xénero e etnia en educación</p>
TEMA 5. INSTITUCIÓN EDUCATIVA, ECONOMÍA E EMPREGO	<p>5.1. Sistemas económicos e educación</p> <p>5.1.1. A intervención estatal no sistema educativo</p> <p>5.1.2. Globalización dos sistemas económicos e educativos: A teoría do capital social</p> <p>5.2. Do sistema educativo ao mercado de traballo</p> <p>5.2.1. Modelos explicativos da relación entre emprego e educación</p> <p>5.2.1. A sobrecualificación</p> <p>5.3. Conceptualización do abandono escolar</p>
TEMA 6. SOCIOLOXÍA DO PROFESORADO E DO ALUMNADO	<p>6.1. O profesorado</p> <p>6.1.1. O profesorado como categoría social</p> <p>6.1.2. O profesorado como grupo de status</p> <p>6.1.3. O profesorado como axente educativo</p> <p>6.2. O alumnado</p> <p>6.2.1. A condición de estudante</p> <p>6.2.2. Educación e clase social</p> <p>6.2.3. As relacións sociais na aula</p>
TEMA 7. FUNDAMENTOS SOCIAIS DO CURRÍCULUM	<p>7.1. Currículum oculto e currículum manifesto</p> <p>7.2. Os enfoques sociolóxicos do currículo escolar</p> <p>7.2.1. O currículo e a reprodución social</p> <p>7.2.2. O currículo e a reprodución cultural</p> <p>7.2.3. Teorías da resistencia e a produción cultural</p> <p>7.3. Socioloxía, currículo e organización escolar</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	A2 A6 A13 A34 B1 B3	1	1	2
Document analysis	A64 C6 C7	1	8	9
Collaborative learning	A14 A15 A35 A40 B8 B9 B15	1	6	7
Directed discussion	A23 C4	2	8	10
Research (Research project)	A68 A10 B16	2	21	23
Workbook	A22	2	12	14
Oral presentation	A11 B23 B25	4	8	12



Guest lecture / keynote speech	A24 B18 B21 B22 B24 C8	21	0	21
Supervised projects	A9	4	26	30
Mixed objective/subjective test	B19	2	18	20
Personalized attention		2	0	2

(*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Presentación, explicación e/ou aclaracións da Guía Docente da asignatura, e polo tanto, do programa e do plan de traballo: contido, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, avaliación, etc... En definitiva, todas aquelas actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe coa finalidade de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado.
Document analysis	Consiste na análise, procura e consulta dos documentos de traballo que recollen os contidos básicos da materia. Esta técnica metodolóxica supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos
Collaborative learning	Trátase do conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. Supón unha ferramenta de aprendizaxe complementaria ó traballo autónomo e individual do alumno/a.
Directed discussion	Debates que permitan propiciar a acción participativa do alumnado -que lle xere unha certa ?tensión intelectual?-, a través de interrupcións moderadas e organizadas pola profesora, para obter aclaracións nas que o alumnado tamén ten a ?corresponsabilidade? de poñer ou suxerir ideas respecto dos contidos teórico-prácticos que se estean a traballar. Trátase dunha técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Research (Research project)	Elaboración dun traballo de investigación sociolóxica sobre algunha das temáticas propias desta asignatura. Supón un proceso de ensinanza orientado á aprendizaxe do alumnado mediante a realización de actividades de carácter práctico a través das que se propoñen situacións que requiren ao estudante identificar un problema obxecto de estudo, formulalo con precisión, desenvolver os procedementos pertinentes, interpretar os resultados e sacar as conclusións oportunas do traballo realizado.
Workbook	Propóñense un conxunto de textos e documentación escrita relacionada coa materia que o alumnado deberá ler, analizar, reflexionar, recensionar e/ou engadir como fonte de profundización nos contidos a traballar.
Oral presentation	Exposición diante da profesora e dos compañeiros/as, dos traballos de investigación individuais ou en grupo, realizados ó longo do cuadrimestre. Trátase dunha ferramenta do proceso de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Guest lecture / keynote speech	Trátase do que se ven denominando Docencia Expositiva (DE). A dinámica baséase en clases maxistras que transmitan os coñecementos básicos da asignatura. Polo tanto, falamos da exposición oral na aula dos temas que supoñen o contido teórico da materia. Pero ademáis, preténdese xerar uns mínimos para ?poñer a funcionar a aula? e propiciar a acción participativa do alumnado -que lle xere unha certa ?tensión intelectual?-, a través de interrupcións moderadas e organizadas pola profesora, para obter aclaracións nas que o alumnado tamén ten a ?corresponsabilidade? de poñer ou suxerir ideas respecto dos contidos teórico-prácticos que se estean a traballar. Trátase de motivar ó alumnado a través da reflexión e o diálogo aberto. Esta exposición oral vese complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?.



Supervised projects	<p>Supón o conxunto de prácticas levadas a cabo tanto nas horas presencias da denominada Docencia Interactiva (DI), exercida en grupos reducido (duns 20 alumnos/as), como o material resultado do traballo autónomo non presencial. A DI está concebida para que o alumnado desenvolva, necesaria e obrigatoriamente, un traballo previo (lectura de material ad hoc), pero tamén é fundamental a participación activa e o traballo na aula (análise, reflexión, debate, discusión grupal e exposicións dos textos, material audiovisual, etc?). Esta metodoloxía está deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Mixed objective/subjective test	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación</p>

Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



Introductory activities Document analysis Collaborative learning Directed discussion Research (Research project) Workbook Oral presentation Mixed objective/subjective test Guest lecture / keynote speech Supervised projects	A atención personalizada realizarase coa finalidade de atender ás necesidades e consultas do alumnado, de forma individual ou en grupos pequenos, relacionadas co estudo e os temas vinculados coa materia. Sempre que o alumno/a o considere necesario e cando o profesor o estime oportuno para mellorar o proceso de ensinanza/aprendizaxe, esta actividade desenrólase de forma vía virtual (a través de e-mail), na aula ou nos momentos que o(s) profesor(es) teñen asignados ás titorías de despacho e cuxo horario se comunicará previamente.
--	---

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Document analysis	A64 C6 C7	Leituras de textos e libros relacionados coa temática da materia.	10
Directed discussion	A23 C4	Debates na clase acerca dunha determinada temática vinculada coa asignatura.	5
Research (Research project)	A68 A10 B16	Realización dunha investigación en grupo sobre temas relacionados coa Socioloxía da Educación.	15



Oral presentation	A11 B23 B25	Presentacións dos traballos realizados ou de comentarios de textos asignados, ao igual que de debates nos que sexa necesario articular unha posición por parte do alumnado.	5
Mixed objective/subjective test	B19	Trátase dun exame dos contidos da parte expositiva da materia. É necesario lograr un 5 para superar esta sección da materia, e que poida facer media coa avaliación dos contidos prácticos.	50
Supervised projects	A9	As sucesivas tarefas que os profesores no proceso de avaliación continua vaian consignando ao alumnado, e que contén coa dirección e apoio das docentes responsables.	15

Assessment comments

A materia consta dunha parte teórica e outra práctica.

A parte teórica desenvolvida polo profesor en clase e/ou indicada no material bibliográfico que se facilita avaliarase a través dun exame que será puntuado sobre 10. Para aprobar esta parte é necesario obter, polo menos, unha puntuación de 5.

A parte práctica constará de diversas actividades (traballos en grupo e individuais, exposicións orais na aula e outros traballos de carácter práctico). Para aprobar esta parte é necesario realizar todos e cada un dos traballos cumprindo coas condicións e datas de entrega indicadas polo profesor e obter unha nota media igual ou superior a 5 puntos. A calificación obtida nesta parte (si é superior a 5), manterase para as dúas convocatorias de avaliación. Si a calificación obtida é inferior a 5, teránse que volver a entregar as actividades na convocatoria de avaliación da segunda oportunidade.

A distribución da nota final da materia farase da seguinte maneira: 50% parte teórica, 40 % parte práctica e 10 % asistencia e participación en clase (ou asistencia e participación en titorías para o alumnado con dispensa académica). Para a obtención da cualificación final, será necesario ter aprobadas tanto a teoría como a práctica. Unha vez superadas ambas, obterase a nota media. Cada profesor/a poderá distribuír os porcentaxes da parte práctica (40%) en cada un dos grupos (A e B) coas probas que considere oportunas, manténdose as mesmas porcentaxes globais.

Será necesaria a asistencia a un mínimo do 80 por cento das sesións (teóricas e prácticas) de cara a permitir un adecuado seguimento e a avaliación continua do alumnado.

Os/As alumnos/as que asistisen a menos do 80% das clases (os que optaron pola matrícula con parcial e dispensa académica de exención de asistencia) deberán acudir a unha tutoría co profesor e terán que presentarse a un exame específico debido ás súas circunstancias especiais. Neste caso, o sistema de avaliación consistirá nun exame sobre a materia, sen que se engadan outros traballos ou actividades prácticas á avaliación final. Este sistema será válido para a convocatoria de avaliación do primeiro cuatrimestre e para a segunda oportunidade de avaliación (xullo).

Dentro dos criterios de avaliación da modalidade de avaliación continua considérase especialmente importante:

- Os traballos e prácticas realizados e presentados durante o curso: Valorarase os exercicios prácticos tanto na súa presentación como no seu contido (a comprensión do tema, a organización expositiva e a aplicación da perspectiva sociolóxica ao redor dos fenómenos sociais e textos propostos para análises)
- Exame final da materia: Valorarase a comprensión e coñecemento dos contidos da materia traballados durante o curso. Tamén se terán moi en conta a correcta expresión e o acertado uso da ortografía.
- A asistencia e participación nas clases e nas actividades prácticas propostas durante o curso: Valorarase positivamente o interese que o alumno mostre na marcha da materia, nas súas dúas perspectivas (teórica e práctica); o interese apreciado repercutirá na cualificación final.

Sources of information



<p>Basic</p>	<ul style="list-style-type: none"> - () . - Philip W. Jackson (1998). La vida en las aulas. Editorial Morata - Mariano Fernández Enguita (2009). Educar en tiempos inciertos. Editorial Morata - Jurjo Torres (2005). El currículum oculto. Editorial Morata - Ana de Miguel Álvarez (2015). Neoliberalismo sexual. Editorial Cátedra - Paul Willis (1988). Aprendiendo a trabajar. Cómo los chicos de clase obrera consiguen trabajos de clase obrera. Editorial Akal - Montserrat Moreno (2000). Cómo se enseña a ser niña. El sexismo en la escuela. Barcelona: Editorial Icaria - Michael F.D. Young (2008). Bringing knowledge back in : from social constructivism to social realism in the sociology of education. London : New York : Routledge <p>ALMARCHA, A.: Cien años de la sociología de la educación en España: 1877-1977. En REIS, 2, 115-148. ALONSO HINOJAL, I., Educación y Sociedad. Las Sociologías de la Educación. CIS. 1991.</p>
<p>Complementary</p>	<ul style="list-style-type: none"> - APPLE, M. (2002). Educar &quot;como Dios manda&quot; mercados, niveles, religión y desigualdad. Barcelona: Paidós - APPLE, M. (1987). Educación y poder. Barcelona: Paidós - CALERO, J. (2008). Sociedad desigual, ¿educación desigual?: sobre las desigualdades en el sistema educativo español. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia - GUTMANN, A. (2001). La educación democrática . Barcelona: Paidós - PENNAC, D. (2008). Mal de escola. Vigo: Xerais - PEDRÓ I GARCÍA, F. (2009). El profesorado. Madrid: Biblioteca Nueva - TERRÉN, E. (2001). El contacto intercultural en la escuela: la experiencia educativa de gitanos e hijos de inmigrantes en el Área Metropolitana de A Coruña . A Coruña: Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña - TORRES SANTOME, J. (2006). La desmotivación del profesorado. Madrid: Morata - THE WIRE SERIE (2010). The Wire. Warner: 2010 - POSADA KUBISSA, L. (2015). Filosofía, crítica y (re)flexiones feministas. Madrid: Editorial Fundamentos

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Teoría da educación/652G02001
 Historia da educación/652G02006

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Teoría da educación/652G02001
 Historia da educación/652G02006

Subjects that continue the syllabus

Other comments

 - Cando se establezan datas de entrega de prácticas, traballos tutelados, etc..., deberán cumprirse, agás casos excepcionais e debidamente xustificados. - Recómendase, sobre todo para o alumnado "non presencial" procure estar en contacto e comunicación regular coa(s) profesora(s).

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.